

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 18 de agosto de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e quince minutos do día dezaioito de agosto do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Rafael Domínguez Artime, Vicepresidente segundo da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario Acctal., e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente *Luis López Diéguez*, a deputada *Marta Fernández-Tapias Núñez*, e os deputados *Roberto José Álvarez Carrero e José Carlos López Campos*, xustificando todos as súas ausencias.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e os deputados Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32903.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 11 de agosto 2023.

2.32904.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS NECESARIAS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005815 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE TOMIÑO, TUI, O PORRIÑO, PAZOS DE BORBÉN E ARBO”.
(Expte.2020043391)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:
“Á vista da resolución favorable da solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo de execución das actuacións necesarias obxecto da axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005815 “Iluminación exterior sostible XII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo”, e co obxecto de aceptar a resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2023016633 e de data 08/08/2023, a xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:



I. ANTECEDENTES

Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

O 21/12/2020 preséntase ante o IDAE o citado proxecto “Iluminación exterior sostible XII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo”, asignándosele o rexistro número 202000017113. Tras a súa avaliación, en data 30/05/2022 (rexistro de entrada número: 2022014497) recíbese unha resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo a FEDER por importe de 591.534,01 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-005815.

O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%.

Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder á Deputación de Pontevedra, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 591.534,01€

Custo elixible admitido para o proxecto

O custo elixible admitido é o seguinte:

MUNICIPIO	OBJETIVO ESPECÍFICO	MEDIDA	INSTALACIÓN	INVERSIÓN TOTAL SOLICITADA (€)	COSTE ELEGIBLE SOLICITADO (€)	INGRESOS NETOS (€)	AYUDA SOLICITADA (€)
ARBO	OE 431	Medida 6	Renovación iluminación exterior en Arbo (varias zonas)	67.313,99	67.313,99	0,00	53.851,19
PAZOS DE BORBÉN	OE 431	Medida 6	Renovación iluminación exterior en Pazos de Borbén (varias zonas)	208.852,64	208.852,64	0,00	167.082,11
TUI	OE 431	Medida 6	Renovación iluminación exterior en Tui (varias zonas)	113.007,50	113.007,50	0,00	90.406,00
PORRIÑO, O	OE 431	Medida 6	Renovación iluminación exterior en O Porriño (varias zonas)	189.904,42	189.904,42	0,00	151.923,53
TOMIÑO	OE 431	Medida 6	Renovación iluminación exterior en Tomiño (varias zonas)	209.439,57	209.439,57	0,00	167.551,65
			TOTAL	788.518,12	788.518,12	0,00	630.814,48



Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.

O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 17 de xuño de 2022, adoptou, entre outros, o acordo número 2.31850 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005815 “Iluminación exterior sostible XII: Renovación das instalacións de alumeadado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo” e concesión da axuda comprometida pola Deputación ao seu amparo aos concellos beneficiarios. Expediente 2020043391.

Con data 17/07/2023, ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda polas seguintes causas: a pesar de iniciarse a execución dentro do prazo establecido, este acumulou incidencias debido a un contexto de folga no sector do metal na provincia de Pontevedra, sendo esta unha situación imprevista que afecta á empresa adxudicataria dos traballos correspondentes ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005815 “Iluminación exterior sostible XII” e as súas empresas subministradoras das luminarias; de tal modo, estase a producir demoras no calendario de execución dos traballos pola ruptura da cadea de subministración dos materiais e á falta de man de obra necesaria para a execución dos traballos. Ante a demora acumulada por esta circunstancia imprevista, e co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo nun mes (1 mes)”.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 08/08/2023 e con rexistro de entrada número na Deputación de Pontevedra 2023016633, recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a execución das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 30/05/2022, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 591.534,01 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-005815. Neste sentido no prazo máximo do 31 de xullo de 2023 vese ampliado ao 31 de agosto do 2023 e consecuentemente a xustificación da realización das actuacións que conforman o proxecto deberá realizarse ante o Órgano Instrutor no prazo máximo do 31 de outubro de 2023.



A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condición económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017).*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Competencia:

- *De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 do Real Decreto 616/2017, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamento provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*
- *Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*



- Segundo o establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compéetelle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o alumeado público.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprométese a financiar unha porcentaxe das actuacións.

III. CONCLUSIÓNS

O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005815 “Iluminación exterior sostible XII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación co fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo a FEDER (máximo 80% do custe elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación do 10% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 20.000 euros, e achegando o importe restante os concellos do proxecto como entidades beneficiarias.

Posteriormente e ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda dado a que a pesar de iniciarse a execución dentro do prazo establecido, este acumulou incidencias debido a un contexto de folga no sector do metal na provincia de Pontevedra, sendo esta unha situación imprevista que afecta á empresa adxudicataria dos traballos correspondentes ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005815 “Iluminación exterior sostible XII” e as súas empresas subministradoras das luminarias; de tal modo,



estase a producir demoras no calendario de execución dos traballos pola ruptura da cadea de subministración dos materiais e á falta de man de obra necesaria para a execución dos traballos. Ante a demora acumulada por esta circunstancia imprevista, e co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo nun mes (1 mes), regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, sendo deste xeito o 31/08/2023 a data máxima para executar os traballos relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-005815.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 08/08/2023 (registro de entrada número 2023016633 na Deputación) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación do prazo solicitado para a execución das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modifica a resolución de data 30/05/2022, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 591.534,01 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-005815, estendéndose dito prazo ata o 31/08/2023. Ampliándose en consecuencia, a xustificación da realización das actuacións que conforman o proxecto que deberá realizarse ante o Órgano Instrutor no prazo máximo do 31 de outubro de 2023.

A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005815 “Iluminación exterior sostible XII: Renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo” é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra das condicións da Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con registro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2023016633 e de data 08/08/2023 na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a execución das actuacións obxecto da axuda, estendéndose dito prazo ata o 31/08/2023 e, por tanto, modifica a Resolución de data 30/05/2022, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 591.534,01 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da modificación do prazo de execución das actuacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005815 “Iluminación exterior sostible XII: Renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo”, expediente 2020043391, de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno. Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

*A xefa do servizo de Cooperación
Marina Piñeiro Novo”*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 09/08/2023, e da Intervención Provincial de data 09/08/2023, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Aceptar a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005815 “*Iluminación exterior sostible XII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo*” aprobada mediante resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2023016633 e de data 08/08/2023, estendéndose dito prazo ata o 31 de agosto de 2023 e en consecuencia, a xustificación da realización das actuacións que conforman o proxecto que deberá realizarse ante o Órgano Instrutor no prazo máximo do 31 de outubro de 2023.
- Dar traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.

3.32905.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS NECESARIAS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MEAÑO, MEIS E VILANOVA DE AROUSA”.
(Expte.2020043392)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da resolución favorable da solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo de execución das actuacións necesarias obxecto da axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa”, e co obxecto de aceptar a resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2023016629 e de data 08/08/2023, a xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

O 21/12/2020 preséntase ante o IDAE o citado proxecto “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa”, asignándosele o rexistro número 202000017112. Tras a súa avaliación, en data 22/04/2022 (rexistro de entrada número: 2022010402) recíbese unha resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-005816.



O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumbrado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%.

Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder á Deputación de Pontevedra, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 274.855,56€

Custo elixible admitido para o proxecto

O custo elixible admitido é o seguinte:

MUNICIPIO	MEDIDA	INSTALACIÓN	INVERSIÓN TOTAL ADMITIDA (€)	COSTE ELEGIBLE ADMITIDO (€)	INGRESOS NETOS (€)	*COSTE SUBVENCIÓN ADMITIDO (€)	AYUDA A OTORGAR (€) (Cofinanciación FEDER)
MEAÑO	Medida 6	Alumbrado público exterior en el municipio de Meaño	100.525,35	100.525,35	0,00	100.525,35	80.420,28
MEIS	Medida 6	Alumbrado Público exterior en el municipio de Meis	90.181,88	90.181,88	0,00	90.181,88	72.145,50
VILANOVA DE AROUSA	Medida 6	Alumbrado Público exterior en el municipio de Vilanova de Arousa	152.862,23	152.862,23	0,00	152.862,23	122.289,78
		TOTAL	343.569,46	343.569,46	0,00	343.569,46	274.855,56

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.

O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.



A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 06 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo número 7.31677 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeados exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa” e concesión da axuda comprometida pola Deputación ao seu amparo aos concellos beneficiarios. Expediente 2020043392.

Con data 17/07/2023, ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda polas seguintes causas: a pesar de iniciarse a execución dentro do prazo establecido, este acumulou incidencias debido a un contexto de folga no sector do metal na provincia de Pontevedra, sendo esta unha situación imprevista que afecta á empresa adxudicataria dos traballos correspondentes ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII” e as súas empresas subministradoras das luminarias; de tal modo, estase a producir demoras no calendario de execución dos traballos pola ruptura da cadea de subministración dos materiais e á falta de man de obra necesaria para a execución dos traballos. Ante a demora acumulada por esta circunstancia imprevista, e co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo nun mes (1 mes)”.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 08/08/2023 e con rexistro de entrada número na Deputación de Pontevedra 2023016629, recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a execución das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 22/04/2022, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-005816. Neste sentido no prazo máximo do 31 de xullo de 2023 vese ampliado ao 31 de agosto do 2023 e consecuentemente a xustificación da realización das actuacións que conforman o proxecto deberá realizarse ante o Órgano Instrutor no prazo máximo do 31 de outubro de 2023.

A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017).*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Competencia:

- *De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 do Real Decreto 616/2017, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*
- *Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*
- *Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o alumeado público.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

Resolución do expediente

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*



- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprométese a financiar unha porcentaxe das actuacións.*

III. CONCLUSIÓNS

O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación co fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo a FEDER (máximo 80% do custe elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación do 10% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 20.000 euros, e achegando o importe restante os concellos do proxecto como entidades beneficiarias.

Posteriormente e ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda dado a que a pesar de iniciarse a execución dentro do prazo establecido, este acumulou incidencias debido a un contexto de folga no sector do metal na provincia de Pontevedra, sendo esta unha situación imprevista que afecta á empresa adxudicataria dos traballos correspondentes ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII” e as súas empresas subministradoras das luminarias; de tal modo, estase a producir demoras no calendario de execución dos traballos pola ruptura da cadea de subministración dos materiais e á falta de man de obra necesaria para a execución dos traballos. Ante a demora acumulada por esta circunstancia imprevista, e co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo nun mes (1 mes), regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, sendo deste xeito o 31/08/2023 a data máxima para executar os traballos relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-005816.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 08/08/2023 (rexistro de entrada número 2023016629 na Deputación) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación do prazo solicitado para a execución das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modifica a resolución de data 22/04/2022, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-005816, estendéndose dito prazo ata o 31/08/2023. Ampliándose en consecuencia, a xustificación da realización das actuacións que conforman o proxecto que deberá realizarse ante o Órgano Instrutor no prazo máximo do 31 de outubro de 2023.

A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa” é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra das condicións da resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2023016629 e de data 08/08/2023 na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a execución das actuacións obxecto da axuda, estendéndose dito prazo ata o 31/08/2023 e, por tanto, modifica a Resolución de data 22/04/2022, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros.



Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da modificación do prazo de execución das actuacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeadado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa”, expediente 2020043392, de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno. Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.
A xefa do servizo de Cooperación
Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 09/08/2023, e da Intervención Provincial de data 09/08/2023, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Aceptar a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeadado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa” aprobada mediante resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2023016629 e de data 08/08/2023, estendéndose dito prazo ata o 31 de agosto de 2023 e en consecuencia, a xustificación da realización das actuacións que conforman o proxecto que deberá realizarse ante o Órgano Instrutor no prazo máximo do 31 de outubro de 2023.
- Dar traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.

4.32906.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DAS INTERSECCIÓN E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DA ESTRADA DO VAO, EP-2003 (CONCELLO DE VIGO)” (Expte. 2022049078)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 14/04/2023 acordou adxudicar á empresa Prace Servicios y Obras, S.A. (A70319678) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora das intersección e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)” por un importe de 545.362,31 €, IVE incluído, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.



Resultando.- Que con data 19/05/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 19/09/2023

Resultando.- Que con data 28/07/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de TRINTA (30) DÍAS, debido as seguintes causas:

- As condicións actuais do mercado con falta de stock de materias primas (baldosa e adoquíns), está implicando un aumento nos tempos de execución dos distintos pavimentos.
- A coordinación de actividades co acceso as praias tanto de peóns coma de vehículos por executarse en período estival, implica unha reorganización dos taxos que impiden atacar labores en ambos marxes ó mesmo tempo.
- A folga do metal supuxo un aumento dos prazos de execución das unidades de alumeado público.

Resultando.- Que consta no expediente informe da directora de obra (CSV) 73WL8OBQ1VJN8LSR no que se recolle que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de TRINTA DÍAS, ata o 19 de outubro de 2023, non existindo afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin a o prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalada.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) 40DDGZ0F62IVUT8Ano que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. *A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...*”

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa



sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A. o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse no informe emitido pola directora de obra ó efecto, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEIDIOAMBIENTE, S.A. para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3: AM seguridade e saúde na obra “Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)”, por un importe de 420,92 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, no que se recolle existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC por importe de 420,92 €

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Ampliar o prazo de execución da obra “Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)” en TRINTA (30) DÍAS, establecendo coma data para finalizar a obra o día 19/10/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente as penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEIDIOAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saude na prórroga da obra “Mellora das interseccións e acondicionamento da Estrada do Vao (EP-2003) (Concello de Vigo)”, (Expte. 2023054500), por un importe de 695,00 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	347,87 €
IVE (21 %)	73,05 €
Importe total	420,92 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante os TRINTA (30) DÍAS polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras "Mellora das interseccións e acondicionamento da Estrada do Vao (EP-2003) (Concello de Vigo)", con efectos dende o 19/09/2023

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023054500



- 5.32907.- DEVOLUCIÓN GARANTÍAS DEFINITIVAS PRESENTADA PARA RESPONDER DOS LOTES 1 E 3 DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE ZONAS DE DESCANSO VERDES, ILLAS ECOLÓXICAS E SINALÉCTICA INTEGRADA DOS PROXECTOS “DA TÚA MAN” -DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN- E “COMERCE INSIDE” -DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS-”. (Devogaran 2023049629)

Retírase da orde do día para un mellor estudo o expediente relativo á “*Devolución garantías definitivas presentada para responder dos lotes 1 e 3 do expediente para a contratación da “Subministración de zonas de descanso verdes, illas ecolóxicas e sinalética integrada dos proxectos “DA TÚA MAN” -dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización- e “COMERCE INSIDE” -dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas-”.* (Devogaran 2023049629)”

- 6.32908.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 09-06-2023 (Nº28.32747), DE “ADXUDICACIÓN DO CONCURSO, A NIVEL DE ANTEPROXECTO, PARA A REHABILITACIÓN ARQUITECTÓNICA E AMPLIACIÓN DO RECINTO CONVENTUAL DE SANTA CLARA PARA USO DESTINADO AO MUSEO DE PONTEVEDRA, E AUTORIZACIÓN DO PAGAMENTO DOS ACCESITS NA FORMA SOLICITADA POLAS UTE DCA-CARLOS SEOANE E SNOHETTA OSLO-ALFONSO PENELA”. (Expte. 2022068178)

Advertido un erro no número de identificación fiscal de dúas empresas estranxeiras que resultaron gañadoras de accésit no acordo da Xunta de Goberno número 28.32747, do día 9 de xuño de 2023, relativo á adxudicación do Concurso, a nivel de anteprojecto, para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra.

Visto que, mediante escritos presentados no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (Rex. Entrada WEB20230422585, do 06/07/2023, e Rex. Entrada WEB2023043159, do 10/07/2023), as UTE DCA-CARLOS SEOANE e SNOHETTA OSLO-ALFONSO PENELA, gañadoras de accésit no Concurso de proxectos referenciado, achegan acordo das empresas integrantes para autorizar a expedición de factura e cobro de accésit, respectivamente, a David Chipperfield Architects Santiago de Compostela, S.L.U. (NIF: B10705697) e Alfonso Penela Fernández (NIF: 35996893F), co obxecto de evitar a constitución formal das referidas UTE, por non resultar adxudicatarias do Concurso.



Tendo en conta o informe do xefe do servizo de Contratación, de 1 de agosto do 2023, que non observa inconveniente para proceder ao pagamento da maneira solicitada, visto que as referidas UTE non resultaron adxudicatarias do concurso, polo que non participarán no eventual procedemento negociado de contratación que se celebre coa empresa gañadora ao abeiro do mesmo, e que resultaría desproporcionada a esixencia de constitución formal en UTE de ditas empresas para o cobro dos accésit, dado o excesivo gasto e complexidade que suporía polo feito de contar con empresas estranxeiras.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención sobre a forma de pagamento dos accésit solicitada polas referidas UTE, de data 7 de agosto do 2023.

Tendo en conta o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo o cal as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Rectificar o erro advertido no acordo da Xunta de Goberno número 28.32747, do día 9 de xuño de 2023, de adxudicación do Concurso, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra.

Onde din:

(...)

AUTOR/ES	NIF
KENGO KUMA & ASSOCIATES	50384257700036
KAAN ARCHITECTEN BV	491711063

(...)

Debe dicir:

(...)

AUTOR/ES	NIF
SAS KUMA ET ASSOCIATES EUROPE	FR 23503842577
KAAN ARCHITECTEN BV	NL855349062B01

(...)



2. Autorizar o pagamento dos accésits do *Concurso, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra*, concedidos ás UTE DCA-CARLOS SEOANE e SNOHETIA OSLO-ALFONSO PENELA, na forma escollida polas devanditas UTE, que presentan factura a nome dunha das empresas participantes, acompañada de acordo das empresas integrantes, no que autorizan a expedición de factura e cobro de accésit, respectivamente, a David Chipperfield Architects Santiago de Compostela, S.L.U. (NIF: B10705697) e Alfonso Penela Fernández (NIF: 35996893F), co obxecto de evitar a constitución formal en UTE, por non resultar adxudicatarias do concurso.

7.32909.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023054442)

Vista a relación de facturas con número 2023054442, que contén 16 facturas e por un importe de 21.879,58€ e con CSV: W3TZQVWJFYKUCDGB, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10/08/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	21.032,21€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	847,37€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	21.879,58€

8.32910.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2023054440)

Vista a relación de facturas con número 2023054440, que contén 1 factura e por un importe de 163,71 € e con CSV: UW3TYSC79BKK8T24, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10/08/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	163,71 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	163,71 €



9.32911.- ADXUDICACIÓN DE 105 NOVAS PRAZAS GRATUITAS A ENTIDADES QUE FIGURAN NO “ANEXO VI: LISTADO DE PRAZAS GRATUÍTAS EN ESPERA DAS RUTAS ADXUDICADAS” (Expte. 2022063049)

1º.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 9 de decembro de 2022, acordou, entre outros asuntos, a aprobación das Bases Reguladoras do programa “*En Ruta coa Depo*” para o ano 2023 e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 25, do 6 de febreiro de 2023.

Nelas ofértanse un total de vinte mil prazas (20.000). Un máximo de trescentas (300) desas prazas quedan reservadas como prazas gratuítas para persoas que carezan de recursos económicos suficientes ou que se atopen en risco de exclusión.

2º.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria do día 16 de xuño de 2023, adoptou o acordo nº 6.32755, polo que se aprobou a adxudicación de rutas e prazas do programa “*En Ruta coa Depo*” 2023, de acordo cos criterios de prelación establecidos nas citadas bases reguladoras, adxudicándose un total de 19.976 prazas a 374 entidades. O anuncio de adxudicación publicouse no BOPPO número 119, do mércores 21 de xuño de 2023.

No expediente figuran asinados os seguintes anexos cos seus correspondentes CSV:

- Anexo I: Listado das entidades solicitantes aceptadas CSV: N5UJ5KKH3UJBG5N3.
- Anexo II: Listado de entidades excluídas CSV: NNJV9KACATWYWLCI.
- Anexo III: Listado das entidades con ruta asignada CSV: NT4NM9VBDT1623XB.
- Anexo IV: Listado das entidades en lista de espera CSV: RUMDQZJ8ND8JE1WV.
- Anexo V: Listado de prazas gratuítas das rutas adxudicadas CSV: HKNTM2MP1GZ0AZ8A.
- Anexo VI: Listado de prazas gratuítas en espera das rutas adxudicadas CSV: HQ8LZQ7N4G38FGT3.

Asemade en dito acordo concedíase un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da adxudicación das rutas e prazas gratuítas para xustificar que as persoas se atopaban nas seguintes circunstancias:

- Estar en situación ou risco de exclusión social.
- Contar con escasos recursos económico e presentar un informe social onde se indique a idoneidade do programa para a persoa solicitante.

Estas circunstancias debían ser xustificadas mediante un informe social dos Servizos Sociais comunitarios municipais (anexo IV das bases) ou, de ser o caso, dun informe da traballadora social da propia entidade solicitante (anexo V das bases). As prazas, non xustificadas documentalmente dentro do prazo sinalado ao efecto, pasarían a considerarse prazas ordinarias



3º.- Rematado o prazo, presentaron en tempo e forma a xustificación da gratuidade das prazas as seguintes entidades:

EXPTE	NIF	ENTIDADE	PZ/GRATUITAS ADXUD.	PZ/GRATUITAS APROB.
2023010294	G36124279	ASOC ERGUETE DE PREV EDUCACION	12	12
2023010596	G36044295	ASOCIACION DOA SAUDE MENTAL	17	17
2023012401	G36164887	DOWN PONTEVEDRA XUNTOS ASOC SINDROME DE DOWN	13	13
2023013303	G36021970	ACEESCA ASOC APOYO PERSONAS CON DIVINTE	12	12
2023013317	G27746486	ASOCIACION XARUMA	13	13
2023016307	G24452435	FUNDACION JUAN SOÑADOR	50	50
2023017094	G36012128	ASOCIACION JUAN XXIII	5	5
2023017932	G36622835	ASOCIACION DE PERSONAS SORDAS DE VIGO	4	4
2023010995	G94036985	ASOC FIBROMIÑO - LA GUARDIA	1	1
2023013278	G36928646	ASOC REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO	27	27
2023014245	G36760064	ASOC DE LA 3 EDAD QUIÑONES DE LEON	54	0
2023018382	G36646545	ASOC DE VECINOS DEL BARRIO DE TEIS VIGO	54	0
2023009827	G36417251	FUNDACION PAZO DE MOS	8	6

Ascendendo o número de prazas gratuítas debidamente xustificadas e por tanto adxudicadas a cento sesenta (160) prazas, quedando dispoñibles cento corenta (140 prazas).

4º- Dada a dispoñibilidade de prazas, e seguindo a prelación establecida no “Anexo VI: Listado de prazas gratuítas en espera das rutas adxudicadas”, procedía a unha nova aprobación de 135 prazas gratuítas, condicionada, en todo caso, á xustificación documental por parte das seguintes entidades:

ORDE	EXPEDIENTE	NIF	NOME	PZ GRATUITAS
1	2023009896	G94004462	ASOC DE VECIÑOS DE XENDE E PARADELA	54
2	2023009925	G36179828	ASOC CULTURAL E SOLCIAL SOUTELO	5
3	2023010641	G94157021	ASOC CULTURAL E RECREATIVA FIOYE2	2
4	2023011883	G36395598	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS ARBENSES	34
5	2023013695	G36035855	ASOCIACION DE MADRES Y PADRES OS MUIÑOS DEL COLEXIO DE EDUCACION INFANTIL Y PRIMARIA ALEXANDRE BOVEDA	30
6	2023013729	G36142685	ASOC DE VECINOS SANTA BAYA-MOS	8
7	2023014246	G27771195	ASOCIACION VECIÑAL NOVO VIGO	2
TOTAL				135



Non obstante, con data 3 de xullo de 2023 e número de rexistro WEB2023041442, a “Asociación de madres y padres Os Muiños del colegio de Educación Infantil y Primaria Alexandre Bóveda”(NIF G-36.035.855 e expediente nº 2023013695), incluída na táboa anterior presentou renuncia ás 30 prazas gratuítas que tiñan solicitado, reducíndose ás prazas a adxudicar á cantidade de 105 prazas.

5º.- En data 18 de xullo de 2023, polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude, emítase informe proposta solicitando o “preceptivo informe a Intervención para proceder á adxudicación de 105 prazas gratuítas das seguintes entidades da lista de prazas gratuítas en espera (CSV: HQ8LZQ7N4G38FGT3), a fin de que poidan acreditar dita circunstancia documentalmente nun prazo de dez (10) días hábiles, quedando a disposición 35 prazas gratuítas”

6º.- Con data 8 de agosto de 2023, Intervención emite dilixencia de conformidade respecto da proposta, da adxunta a Xefatura de Servizo de Cohesión Social e Xuventude (CSV: W4VESE5T54EEVELS) sinalado no punto anterior, de “adxudicación de 105 prazas gratuítas das seguintes entidades da lista de prazas gratuítas en espera (CSV: HQ8LZQ7N4G38FGT3):

EXPEDIENTE	NIF	ENTIDADE	PRAZAS GRATUITAS
2023009896	G94004462	ASOC DE VECIÑOS DE XENDE E PARADELA	54
2023009925	G36179828	ASOC CULTURAL E SOLCIAL SOUTELO	5
2023010641	G94157021	ASOC CULTURAL E RECREATIVA FIOYE2	2
2023011883	G36395598	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS ARBENSES	34
2023013729	G36142685	ASOC DE VECINOS SANTA BAYA-MOS	8
2023014246	G27771195	ASOCIACION VECIÑAL NOVO VIGO	2

O órgano competente para a concesión é a Xunta de Goberno, non obstante no caso de urxencia podería ser aprobada por Resolución Presidencial, dando conta da aprobación a vindeira Xunta de Goberno.”

• **NORMATIVA APLICABLE:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Bases de Execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2023.
- Bases do programa En Ruta coa Depo 2023.



De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade adxudicar 105 prazas gratuítas de conformidade co establecido na seguinte táboa, condicionada á previa acreditación documental da súa gratuidade nun prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente acordo. As entidades adxudicatarias e as prazas gratuítas son:

EXPEDIENTE	NIF	ENTIDADE	PAZAS GRATUITAS
2023009896	G94004462	ASOC DE VECIÑOS DE XENDE E PARADELA	54
2023009925	G36179828	ASOC CULTURAL E SOCIAL SOUTELO	5
2023010641	G94157021	ASOC CULTURAL E RECREATIVA FIOYE2	2
2023011883	G36395598	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS ARBENSES	34
2023013729	G36142685	ASOC DE VECINOS SANTA BAYA-MOS	8
2023014246	G27771195	ASOCIACION VECIÑAL NOVO VIGO	2

10.32912.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA FRONTE AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 21 DE XULLO DE 2023 POLO QUE SE DESESTIMABA A SOLICITUDE DE PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CONSERVA” (Expte.2022032556)

Visto o recurso de reposición interposto polo Concello da Illa de Arousa o 1 de agosto de 2023 (nº de rexistro WEB2023046748) fronte ao acordo da Xunta de Goberno nº 13.32832, de 21 de xullo de 2023, polo que se desestimaba a súa solicitude de prórroga para a execución do investimento “Rehabilitación da envolvente do Centro de Interpretación da Conserva”.

Visto o informe emitido ao respecto pola Secretaría Xeral, de 11 de agosto de 2023, con CSV: EO4DZA0SPKAF6FYE, co seguinte teor literal:“

Expediente	2022032556
Asunto	RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE DA ILLA DE AROUSA CONTRA A DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE PRAZO EN CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS.
Trámite	Informe de Secretaría Xeral

Solicitado informe polo Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico en data 02.08.2023 desta Secretaría respecto do expediente que se refire, expponse:

ANTECEDENTES:

1.- En data 25.03.2022 a Xunta de Goberno da Deputación procedeu á aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio históricocultural dirixidas a concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022 e para o que existía unha contía global de 400.000,00 €. O expediente foi informado por esta Secretaría en data 23.02.2022.



2.- En data 01.07.2022 a Xunta de Goberno da Deputación acordou a concesión das referidas subvencións aos distintos concellos da provincia e dentro da súa actividade e competencia de fomento dos intereses xerais da mesma. Asemade, procedeuse á publicación da relación nominal das entidades beneficiarias de acordo co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 12.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

3.- De acordo ao anteriormente sinalado, concedéuselle ao Concello da Illa de Arousa unha subvención por importe de 9.042,21€ e coa finalidade de levar a cabo a rehabilitación do envoltante do Centro de Interpretación da Conserva dentro da liña B da convocatoria de subvencións referida e de rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural. Consta a notificación da resolución de concesión da subvención e que foi efectuada en data 06.07.2022.

4.- En data 18.05.2023 o Alcalde do Concello Illa de Arousa presenta solicitude no Rexistro Electrónica da Deputación e no que solicita unha prórroga na execución do prazo establecido para a execución do investimento ata o día 15.08.2023. No escrito sinalase "...dificultades de carácter económico, xa que o Concello non puido executar o investimento no exercicio pasado por non existir consignación para facer fronte á aportación municipal, debendo dotar consignación no orzamento do presente exercicio para posibilitar a citada execución, estando neste intre en fase de licitación".

5.- Mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 21.07.2023 acordouse a desestimación da prórroga solicitada polo Concello da Illa de Arousa ao incumprirse as bases reguladoras da convocatoria. Dito acordo foille notificado ao Concello da Illa de Arousa en data 27.07.2023.

6.- O Concello da Illa de Arousa presenta recurso de reposición en data 01.08.2023 contra o acordo anteriormente notificado pola Deputación.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- O art. 3.3 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, recolle os supostos onde é preceptivo o informe da Secretaría, sinalando entre outros a resolución de recursos administrativos cando pola natureza dos asuntos así o requira, agás cando se interpoñan no seo de expedientes instruídos por infracción de ordenanzas locais ou da normativa reguladora de tráfico e seguridade vial, ou se trate de recursos contra actos de natureza tributaria.

Por outra banda, mediante circular da Secretaría Xeral de data 26.04.2018 comunicouse aos distintos servizos da Deputación a ampliación das funcións encomendadas á Secretaría e tendo en conta que o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico non conta con persoal na categoría de técnico de administración xeral, ditas tarefas son asumidas pola Secretaría Xeral.

Segundo.- O recurso de reposición é un medio potestativo de impugnación dos actos administrativos que poñen fin á vía administrativa e cuxa regulación se atopa nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Deste xeito, o artigo 123.1 LPACAP establece que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.



O art. 124 da LPACAP establece que o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido devandito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento para partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

No presente caso, o recurso preséntase en prazo.

Terceiro.- En canto á ampliación de prazos, o art. 32.1 da LPACAP sinala que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias aconséllano e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

E segundo o apartado 3º que tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

Cuarto.- O art. 9.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, impón a obriga de aprobar, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, as normas que establezan as bases reguladoras da súa concesión. Ésta, contan con natureza regulamentaria tal e como se deduce do sinalado no art. 17.2 da mesma norma cando sinala que: “as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.”

Quinto.- A base 14ª da presente convocatoria establece que unha vez notificada a resolución de concesión, o beneficiario da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade da axuda, que poderá autorizarse cando non se danen dereitos de terceiras persoas. Esta solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven, no prazo de catro meses antes de que finalice o prazo de execución que está sinalado na base 15ª. É dicir, o prazo de execución para o obxecto da subvención rematará o día 30.06.2023 mentres que o da xustificación da mesma é o 30.09.2023.

Polo tanto, e tendo en conta o anteriormente sinalado, o prazo límite para presentar a solicitude sería o último día do mes de febreiro do 2023 (28.02.2023). En todo caso, a solicitude de modificación está fóra de prazo xa que é presentada en data 18.05.2023.

Tal e como sinala o art. 32 da LPACAP, non se pode ampliar un prazo que estea vencido. A Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria de 30.07.2015 matizou que “...en puridade, a prórroga dun prazo só pode concederse vixente aquel. Noutro caso, se estaría rehabilitando o vencido ou novando o acordo inicial...” é dicir, estaríanse a modificar as bases que rexen a convocatoria sen o oportuno acordo que o habilite.



Por outro lado, o Concello da Illa de Arousa alega unha serie de cuestións de carácter económico e presupostario de índole interno, é dicir, a necesidade de dotar de crédito no exercicio do presente exercicio para a actuación obxecto da actuación subvencionada. Neste sentido, o Concello da Illa de Arousa levaría a cabo a rehabilitación do envolvente do centro de interpretación da conserva cun orzamento total por importe de 19.980,00 € e para o cal a Deputación subvenciona a cantidade de 9.042,21 €.

Se o Concello da Illa de Arousa non contaba con dotación orzamentaria nos seus presupostos, é unha cuestión que era coñecida por dita administración no momento de concorrer á convocatoria e de presentar a solicitude da subvención. Agora ben, estamos ante un procedemento de concorrencia, no que se valoran e se comparan as solicitudes presentadas de acordo aos criterios previamente fixados nas bases da convocatoria, co que se podería estar a prexudicar intereses de terceiros no procedemento.

Neste sentido, e tal e como sinala a xurisprudencia, STS de 16.03.2012: "...o incumprimento das obrigacións de forma, aínda que teñan un carácter instrumental, tamén pode determinar, en aplicación dos preceptos legais, ou ben o decaemento do dereito para obter o beneficio ou ben o deber de reintegrar o seu importe. Entre as devanditas obrigacións formais atópase sen dúbida a de xustificar ou acreditar ante a Administración que o beneficiario realizou as actuacións (mantementos de fondos propios, investimento produtivo, creación de postos de traballo, etcétera) a cuxa execución viña subordinada a concesión do incentivo. A acreditación ten un dobre carácter que non debe ser confundido: ha de facerse en tempo e forma, por unha banda, e con ela ha de demostrarse que o cumprimento material das esixencias impostas levou a cabo dentro do tempo previsto na resolución individual de concesión do beneficio, por outro".

Sexto.- En canto ao órgano competente para a resolución do recurso de reposición será o mesmo que ditou o acto impugnado, a Xunta de Goberno da Deputación.

CONCLUSIÓN:

Considerando o anteriormente exposto, infórmase favorablemente a desestimación do recurso de reposición."

Visto que no artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas se establece que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Considerando que a resolución do presente recurso de reposición lle corresponde á Xunta de Goberno ao ser o órgano que ditou o acto obxecto de impugnación, de acordo co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar o recurso de reposición interposto polo *Concello da Illa de Arousa*, con CIF: P8600004I, fronte ao acordo da Xunta de Goberno nº 13.32832, de 21 de xullo de 2023, polo que se desestimaba a prórroga solicitada para a execución do investimento "*Rehabilitación da envolvente do Centro de Interpretación da Conserva*", nos termos expostos no informe emitido pola Secretaría Xeral transcrito anteriormente, que se acepta na súa integridade servíndolle de motivación ao presente acordo.



11.32913.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

12.32914.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Vicepresidente segundo, sendo as once horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Vicepresidente segundo, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

